

ALMELA, R., RAMÓN, E. E WOTJAK, G. (eds.) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Universidad de Murcia: Servicio de Publicaciones, 368 páxinas.

En outubro de 2003, o profesor Gerd Wotjak foi o organizador de dous importantes congresos internacionais en Leipzig: o *VI Congreso de Lingüística Hispánica* e o *V Congreso de Lingüística Contrastiva*. Destes dous congresos editáronse tres libros de actas en 2005: o volume que é tema desta recensión, en colaboración coa Universität Leipzig, e dous volumes de *Studien zum romanisch-deutschen und innerromanischen Sprachvergleich*, editados por Christian Schmitt e Barbara Wotjak na editorial Romanistischer Verlag de Bonn. O traballo que aquí nos ocupa recolle 19 dos relatorios que se expuxeron nos ditos congresos: 14 do Congreso de Lingüística Hispánica e 5 do Congreso de Lingüística Contrastiva.

Como se di no prólogo da obra (12), os traballos que nela se publican “abordan desde distintos ángulos lingüístico-cognitivos los problemas inherentes y resultantes de los componentes y mecanismos propios del comportamiento verbal”. Sen dúbida, trátase dunha importante achega á fraseoloxía en lingua castelá¹, que vén confirmar a vitalidade e dinamismo desta disciplina tanto no noso país como en gran parte dos países europeos. En concreto, en España, a obra de Gloria Corpas Pastor (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos* (Vervuert: Lingüística Iberoamericana) sérvenos de referencia para avalia-lo impresionante labor fraseolóxico levado a cabo por parte de lingüistas españois entre 1993 e 2003. Deste xeito, podemos constatar que o noso país se sitúa entre os primeiros postos da investigación fraseolóxica en Europa, xunto ós países xermanófonos e outros de fala eslava como Rusia, a República Checa ou Eslovenia.

¹ Os traballos incluídos na obra que aquí nos ocupa (agás “Petite sémantique des proverbes avec une vue spéciale sur leur status de dénomination”, de Georges Kleiber) ou están relacionados directamente coa fraseoloxía española, algúns deles realizados por fraseólogos de fala non hispana (como Kazumi Koike, Universidade de Takushoku, Tokio, que trata sobre “Colocaciones complejas en español actual”), ou son froito de investigadores de fala hispana, entre eles tamén de ámbito hispanoamericano (como o traballo de Marina Luz Roa Arancibia, de Santiago de Chile, ou de Silvia Kaul de Marlangeon e Ofelia Duo de Brottier, ambas de universidades argentinas).

Na obra *Fraseología contrastiva* trátanse con profundidade aspectos como as relacións entre fraseoloxía e formación de palabras (traballo de Pérez Vigaray e Batista Rodríguez), a variación tanto sintópica como diatópica (traballo de Ortega Ojeda e González Aguiar), o uso dos fraseoloxismos en distintos tipos de textos e contornos comunicativos (traballo de Duo de Brottier) e a súa función como marcadores do discurso (traballo de Ruiz Gurillo). Tamén se aborda a análise das características estruturais das colocacións e das perífrases verbais dende diversos puntos de vista (traballos de García-Page, Koike, Bustos Plaza, Blasco Mateo, Duo de Brottier e Kaul de Marlangeon), así como cuestións de tradución de idiomatismos do castelán co francés e o alemán (respectivamente, traballos de Sierra Soriano e Tabares Plasencia) e faise unha reflexión teórica verbo da noción de “hapax” en fraseoloxía aplicándoo ó francés e ó castelán (traballo de M^a Isabel González Rey).

Trátase, na súa maioría, de traballos ben documentados e estruturados que reflicten os resultados de investigacións empíricas feitas polos seus autores en grupo ou individualmente a partir de cörpora de diversa índole. Con certas reservas canto ó traballo de Zurdo (“Panorama de los estudios fraseológicos en Alemania”), con significativas lagoas bibliográficas e de actualización de datos (p. ex. páx. 46 en relación cos encontros celebrados de EUROPHRAS), o resto dos artigos recollidos constitúe unha boa referencia de documentación e sistematización da investigación de cada tema tratado.

Do conxunto de temas que achega a obra, especialmente dous deles reflicten as correntes que na actualidade están a cobrar forza no panorama fraseolóxico europeo. Por unha banda, trátase do estudo das colocacións e estruturas afíns como perífrases verbais e locucións verbonominais (traballos de García Page “Colocaciones simples y complejas: diferencias estructurales”, de Koike “Colocaciones complejas en el español actual”, de Esther Blasco Mateo “Similitudes entre perífrasis verbales de infinitivo con enlace y locuciones verbales de infinitivo”, de Alberto Bustos Plaza “*Poner en movimiento / in Bewegung setzen*: ¿verbos pseudocopulativos españoles frente a verbos funcionales alemanes?” e de Silvia Kaul de Marlangeon “Evaluación de clichés del discurso paraepimónico”). Nestes artigos exponse a necesidade de sistematización que require a tipoloxía estrutural destas construcións e aprofúndase en cuestións metodolóxicas relacionadas coas restricións combinatorias no discurso. Sen dúbida é o tema das colocacións un dos máis frutíferos na investigación fraseolóxica dos últimos dez anos, entre outras causas 1) pola súa enorme aplicabilidade práctica no ensino de linguas estranxeiras, 2) pola imperante necesidade de seren recollidas sistematicamente nas obras lexicográficas, e 3) polas conexións que revelan coa investigación en voga do discurso repetido e das concorrencias léxicas.

Neste contexto, a investigación actual da fraseoloxía discorre de maneira clara cara ó eido da lingüística de corpus, cara á análise do comportamento real das unidades fraseolóxicas no nivel falado e textual e cara á busca de interconexión e traballo en común con outras disciplinas lingüísticas (como a lexicografía, a pragmática, a lingüística de corpus, a psicolingüística, a tradución ou a lingüística diacrónica) e

outras de carácter non estritamente lingüístico como a etnoloxía ou a antropoloxía². Só mediante a elaboración e análise sistemática de grandes cónpora textuais se pode chegar a descifra-la función específica e os trazos semánticos propios de cada fraseoloxismo, o que poderá, por outra banda, reverter positivamente na elaboración e actualización das definicións dadas nos dicionarios.

No marco da lingüística de corpus, está a cobrar forza en Europa a investigación dos idiomatismos como marcadores de discurso e portadores de trazos pragmáticos e ilocutivos (véxase no volume o importante traballo de Ruiz Gurillo sobre “Las locuciones marcadoras del español: análisis y aplicaciones”³), isto sobre todo no nivel da lingua falada (véxase o artigo de Roa Arancibia “Fraseoloxía oral en Chile: una propuesta metodológica”), así como a aplicación de cónpora para desenvolver mecanismos de tradución en linguaxes especializadas. Neste punto, destaca no volume de *Fraseoloxía contrastiva* o orixinal traballo de Encarnación Tabares Plasencia e José Juan Batista Rodríguez (“Notas sobre fraseoloxía jurídica comparada español-alemán”), onde os autores expoñen, a partir dun nutrido corpus, a finalidade última de confeccionar un dicionario castelán-alemán, alemán-castelán que sirva de ferramenta a tradutores e intérpretes en materia xurídica.

O outro importante eido da investigación actual representado neste volume é o dos modelos cognitivos en fraseoloxía. Sobre este tema versa a contribución de Antonio Pamies e Olena Potápova (“Metaphoric competence and the recognition of idioms: an experimental approach”), que se fai eco dos últimos resultados obtidos no eido da lingüística cognitiva deseñando un mecanismo para analiza-las estratexias de recoñecemento de fraseoloxismos ingleses, franceses e alemáns por parte de falantes ucraínos e españois. Neste contexto, o estudo da iconicidade e as imaxes metafóricas dos idiomatismos a partir de presupostos da lingüística cognitiva é, sen dúbida ningunha, un dos campos máis dominantes da investigación fraseolóxica actual, como o testemuñan os traballos, entre moitos outros, de D. Dobrovol’skij, E. Piirainen, Z. Kövecses / P. Szabo e R. W. Gibbs dos últimos 15 anos.

A este propósito, e como os mesmos editores do volume *Fraseoloxía contrastiva* sinalan, son os aspectos de semántica e lingüística cognitiva os menos abordados nesta obra (só a contribución de Pamies / Potápova), o que, ó meu entender, pon de manifesto unha clara deficiencia neste eido dentro do noso panorama investigador, deficiencia que esperemos poida solucionarse nos anos vindeiros.

Carmen Mellado Blanco⁴

Universidade de Santiago de Compostela

² Conclusións extraídas da asistencia ó último congreso de fraseoloxía EUROPHRAS (*Phraseologie disziplinär und interdisziplinär*), celebrado entre o 9 e o 11 de xuño de 2006 na Universidade de Veszprém en Hungría.

³ Este artigo dá a coñece-lo proxecto de elaboración do *Diccionario de Partículas Discursivas del Español*, dirixido polo profesor Antonio Briz, e integra resultados da investigación fraseolóxica da última década canto á descrición lexicográfica.

⁴ Tradución de Cristina Veiga Novoa

DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E. (2005): *Figurative Language. Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives. Current Research in the Semantics/Pragmatics Interface*, volume 13. Elsevier Ltd., 419 páxinas.

Segundo os mesmos autores de *Figurative Language* indican no prólogo (2), o estudo desenvolvido nesta obra cingúese ás “unidades figuradas convencionais” (*conventional figurative units*), sendo o seu obxectivo último a elaboración dunha teoría lingüística capaz de ter en conta a compoñente da imaxe e o contido cultural incluídos nestas.

Na introdución formúlanse as preguntas concretas ás que se pretende dar resposta, que poden resumirse na seguinte e definitiva cuestión: “*Is it possible to verify the assumption that some basic principles of human cognition are responsible for the creation of figurative units on the basis of literal ones, principles that are modified by relevant cultural factors?*” (3). Como a mesma pregunta implica, o enfoque dado ó estudo é cognitivo, xa que se abordan distintos tipos de coñecemento como base para explicar fenómenos lingüísticos.

No inicio do capítulo 1, Dobrovól'skij e Piirainen formulan unha premisa básica da que se derivarán as seis hipóteses das que parte a súa investigación:

“The image component, i.e. a specific conceptual structure mediating between the lexical structure and the actual meaning of figurative units, is a relevant element of their content plane”. (5)

De seguida preséntanse as ferramentas de traballo empregadas. En primeiro lugar, os datos empíricos: locucións, refráns, colocacións figuradas e metáforas monoverbais, é dicir, o que os autores consideran unidades figuradas, que deben ser expresións pluriverbais fixadas ou “convencionalizadas”. Neste punto argumentábase con detalle a escolla das linguas analizadas, dez linguas que presentan, a priori, diferenzas lingüísticas e culturais considerables: inglés, alemán, sueco, neerlandés (catro linguas xermánicas estándar), “Westmünsterländisch” (WML, lingua xermánica non estándar, un dialecto westfaliano falado nunha pequena área da fronteira noroccidental de Alemaña con Holanda), francés (unha lingua románica), ruso (unha lingua eslava), lituano (unha lingua báltica), grego moderno, finés e xaponés (estas dúas últimas non indoeuropeas e aglutinantes). As fontes serán, obviamente, dicionarios xerais e fraseolóxicos, cónpora e outras fontes escritas para as linguas estándar; mentres que os datos do WML proveñen dun traballo de campo baseado en cuestionarios.

As segundas ferramentas de traballo son dous criterios establecidos polos autores para distingui-las unidades figuradas convencionais (UFC) doutros fenómenos semellantes. Para a distinción entre os fenómenos de literalidade, non literalidade e figuratividade apóianse na noción de compoñente da imaxe (*image component*) como unha estrutura conceptual situada entre a estrutura léxica e o significado real das unidades figuradas. Así mesmo, empregan a noción de denominación adicional (*additional naming*) para identifica-las UFC, que entenden como outra forma de dicir algo que se pode dicir dun xeito máis directo e primario.

Unha vez definido o ámbito e ferramentas do seu estudo, Dobrovolskiy e Piirainen dedican o segundo capítulo a trata-las UFC dende a perspectiva da fraseoloxía, desenvolvendo unha tipoloxía das mesmas en canto frasesemas. Así, ofrécese unha explicación pormenorizada do concepto de locución, colocación restrinxida e refrán botando man de exemplos dun amplo abano de linguas.

No capítulo 3 analízanse algúns aspectos específicos da linguaxe figurada convencional dende unha perspectiva interlingüística facendo uso de locucións de distintos idiomas. En concreto, esta análise céntrase naqueles factores que deben ser considerados na procura dun equivalente e que dan conta das diferenzas semánticas, sintácticas e pragmáticas existentes entre locucións similares de linguas distintas. Os autores demostran que a compoñente da imaxe é determinante aínda que non definitiva no tocante á equivalencia de locucións semanticamente moi próximas. Da comprobación anterior extráese a conclusión de que o concepto tradicional de “equivalente absoluto” non é máis ca unha ficción lexicográfica froito dunha análise semántica incompleta e inexacta. Por iso, os autores substitúen este concepto polo de “equivalencia funcional” (*functional equivalence*) e afirman que atopar equivalentes funcionais sería o único obxectivo razoable da análise fraseolóxica contrastiva para satisfacer as necesidades da lexicografía bilingüe, a tradución e a aprendizaxe dunha segunda lingua (78). De novo, todo se reduce a unha simple pregunta: “*given an L1-idiom, which L2-equivalents (if more than one) are possible under which contextual conditions?*”.

O capítulo catro é fundamental para a comprensión de capítulos posteriores, xa que se estuda en detalle o fenómeno da motivación. O primeiro apartado analiza brevemente a correlación entre etimoloxía e motivación. No segundo márcanse claramente as fronteiras entre o concepto de motivación e os de descompoñibilidade e ambigüidade semántica. A seguir, explícanse os tipos de motivación principais (motivación baseada no índice ou indicio, icónica e baseada no símbolo), outros casos especiais de motivación (estereotipos, metáforas xestuais, xogos de palabras...) e a frecuente “fusión” de varios destes tipos de motivación nas UFC. Para os autores a utilidade desta tipoloxía da motivación está moi clara: partindo dela será posible analiza-las UFC segundo o seu tipo motivacional e describilas coa axuda das ferramentas metalingüísticas que máis se axusten a cada tipo dado (105).

A noción de falsos amigos fraseolóxicos é o tema do seguinte capítulo. Demóstrase que, no marco da linguaxe figurada convencional, os falsos amigos esixen unha análise semántica e conceptual distinta á dos “falsos amigos do tradutor”. As diferenzas entre os significados secundarios de dous fraseoloxismos considerados falsos amigos poden explicarse, segundo os autores, polas diferentes “imaxes ricas” ou “metáforas conceptuais” nas que estes se basean, ou ben polas diferenzas entre o significado secundario ou figurado dun dos constituíntes actualizado en cada un dos fraseoloxismos. Deste xeito, o fenómeno da paronimia queda relativamente regularizado e reducido a estes tres factores.

O exame e crítica da Teoría Cognitiva da Metáfora e a súa aplicación na análise das UFC dende diversas perspectivas, entre elas a da lingüística e a da antropoloxía, son o obxectivo do capítulo 6. A conclusión é contundente e ambiciosa: non é posible

explica-lo funcionamento das UFC apoiándose unicamente nas metáforas conceptuais subxacentes, deben terse en conta tamén certos conceptos baseados na cultura, que en moitos casos resultan cruciais no proceso de inferencia do literal ó figurado (144).

O capítulo 7 consiste na aplicación dalgunhas das ideas expostas nos capítulos precedentes, especialmente no relativo á Teoría Cognitiva da Metáfora. Aclárase que os instrumentos de análise son modelos baseados nas metáforas e metonimias ó mesmo tempo, seguindo as teorías de Goossens e Geeraerts (145). O campo semántico elixido para a dita análise é o do MEDO, posto que os autores o consideran apropiado para investiga-las correspondencias entre fenómenos semánticos e propiedades conceptuais, entre a compoñente da imaxe do plano do contido e o significado real. En contra da tradición, os resultados empíricos deste capítulo proban que as teorías semánticas cognitivas son compatibles coas ideas de descomposición semántica desenvolvidas na semántica estrutural. A consecuencia práctica máis relevante desta análise é que *“the same emotion expressed by different means can invoke different parts of people's conceptual knowledge and therefore does not remain completely the same emotion”* (159). Dito doutro xeito: ó analiza-las locucións relacionadas co medo (e outras emocións) debe terse en conta non só o seu significado figurado ou real senón tamén as estruturas conceptuais que se esconden detrás desa emoción.

No capítulo 8 desenvólvese e aplícase o modelamento cognitivo á análise das UFC de acordo coa Semántica Marco de Fillmore. Máis especificamente, os autores delimitan os elementos e operacións da metalinguaxe do modelamento cognitivo e ilustran o funcionamento desta metalinguaxe analizando algúns aspectos da motivación da locución *ovella negra (black sheep)*. Unha vez máis, o que se pretende é descubrir unha relación motivacional entre a composición e o significado das UFC.

As técnicas analíticas do capítulo 8 son aplicadas novamente no capítulo 9, aínda que de forma máis ampla, ó concepto CASA empregado en locucións de varias linguas europeas estándar, no WML e no xaponés. Tratan, en consecuencia, este concepto como base dunha descrición interlingüística e intercultural. Os autores identificaron diferenzas conceptuais e culturais que explican as diferenzas semánticas e pragmáticas existentes entre as locucións analizadas.

O capítulo 10 profunda no complexo tema da importancia da cultura na linguaxe figurada. Os autores tentan sistematiza-la análise cultural das UFC mediante a identificación de cinco clases de coñecemento baseado na cultura aplicables ás mesmas: as interaccións sociais e os patróns de conduta, a cultura material, os fenómenos intertextuais, as referencias a dominios conceptuais ficticios e modelos científicos do mundo e, por último, os símbolos culturais. Ademais, analizan a coocorrência destes fenómenos e as “connotacións culturais” nas UFC. A aplicación da tipoloxía anterior permite decidir que fenómeno cultural está presente nun fraseoloxismo concreto e emprega-los métodos de análise que correspondan.

No capítulo 11 Dobrovol'skij e Piirainen detéñense no estudo dunha das clases de coñecemento cultural definidas no capítulo 10: os símbolos culturais. Despois de facer un breve repaso do concepto de “símbolo” en diversas disciplinas, examinan máis polo miúdo este concepto dende a perspectiva da lingüística e a semiótica. Con este pano de

fondo crean un concepto propio de “símbolo cultural na linguaxe”, que ilustran a través de exemplos moi diversos. Neste proceso resulta particularmente relevante a distinción que establecen entre metáfora e símbolo como recursos da linguaxe figurada, da que se extrae que este está máis “embebido” de cultura ca aquela.

Nos capítulos seguintes (12 e 13) preséntanse dous estudos, un relacionado cos números e outro cos animais, nos que se aplica a teoría desenvolvida ó longo de toda a obra. Os autores consideran que estes dous campos semánticos son axeitados para demostra-la significación da correspondencia entre a linguaxe figurada convencional e a cultura. En efecto, a análise interlingüística e intercultural levada a cabo resulta considerablemente informativa e reveladora neste sentido.

O capítulo final dedícase á síntese, reformulación e posibles aplicacións futuras da teoría lingüística que, como se indicou no inicio desta recensión, tentan desenvolver Dobrovol’skij e Piirainen, denominada por eles mesmos “Teoría da Linguaxe Figurada Convencional”. A súa conclusión final ó respecto é a seguinte:

“...the Conventional Figurative Language Theory is a theory designed to analyse certain parts of the lexicon rather than a grammar-like theory. It provides principles and methods of analysis, reasonable heuristics, and ways of description, rather than productive rules.” (360)

Todo o tratado teórico-práctico comentado ata agora complementábase cunha extensa lista de referencias bibliográficas, un índice do corpus fraseolóxico empregado ordenado alfabeticamente por (a) idioma e (b) palabra chave, un índice temático e, finalmente, un índice dos autores citados.

Figurative Language é un traballo baseado nun corpus importante no que se aprecia en todo momento, por unha banda, o rigor e exhaustividade dos seus autores na síntese de conceptos, metodoloxías e puntos de vista procedentes de eidos ás veces moi distantes entre eles; e, por outra banda, claridade, precisión e fundamentación na exposición das novas ideas achegadas por eles. Esta obra representa, sen dúbida, un paso teórico importante para a lingüística cultural e contrastiva.

Cristina Veiga Novoa

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada Lingvistica, Granada, 484 páxs.

Baixo o atraente título de *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, Juan de Dios Luque Durán e Antonio Pamies Bertrán, directores da colección *Collectae* de Granada Lingvistica, ofrécennos unha miscelánea de 25 traballos de recoñecidos especialistas no campo da fraseoloxía de ámbito nacional e

internacional. Neste compendio de artigos, que se insire no ronsel de anteriores publicacións da mesma serie como *Léxico y fraseología* (1998), *Trabajos de lexicología y fraseología contrastivas* (2002) e *Fraseología y metáfora* (2002), e que ve a luz coa vontade, en palabras dos editores, de “*avanzar un poco por los agrestes senderos de las colocaciones, locuciones, paremias y otras unidades que constituyen el objeto de esta disciplina lingüística*”, atopamos colaboracións de diferente natureza, pero que comparten a fraseoloxía como campo de estudo: no ámbito da paremioloxía, **Julia Sevilla Muñoz** e **M^a Teresa Barbadillo** (*El máximo y el mínimo paremiológicos y sus implicaciones didácticas*) reflexionan sobre a pertinencia e a utilidade da obtención do mínimo e do máximo paremiolóxicos do español, así como as súas posibles aplicacións na didáctica da lingua, mentres que **Olga Tarnovska** (*El mínimo paremiológico en la lengua española*) ofrécenos os resultados dunha súa enquisa verbo deste tema, realizada como parte da súa tese de doutoramento; **Mirella Conenna** demóstranos a relevancia da descrición minuciosa das transformacións cronolóxicas dun refrán en *Acerca de la historia de los proverbios* e **Frantisek Cermak** ofrécenos un estudo estatístico nas linguas inglesa e checa sobre *Introdutores textuales en paremias y otras unidades fraseológicas*. De raíz tamén estatística, aínda que referido a colocacións e modismos, é o estudo de **Antonio Pamies Bertrán** e **José Manuel Pazos Breña** *Extracción automática de colocaciones y modismos*⁵, que toma como corpus de traballo o texto do Quixote.

A pertinencia da análise fraseolóxica para outros campos da lingüística –neste caso, a gramática–, queda patente en *La relación de consecutividad en español desde la óptica fraseológica*, de **Esteban Tomás Montoro del Arco**, artigo que se enmarca dentro da reflexión metalingüística, á que tamén se adscriben *¿Qué significado podemos atribuir a las unidades fraseológicas?*, de **Gerd Wotjak**, profunda disertación teórica sobre a clasificación das unidades fraseolóxicas dende unha perspectiva semántica; *Formas rutinarias en los diccionarios didácticos*, de **Barbara Wotjak**, no que atopamos unha análise detallada sobre os tipos de fraseoloxismos e as posibles organizacións internas dos dicionarios, ou *Intertextemas y texto en las lenguas eslavas*, de **Valerii Mokienko**, no que amais da reflexión terminolóxica o autor ofrécenos unha serie de exemplos tirados dos textos bíblicos e de Pushkin e confrontados entre diferentes linguas eslavas.

A comparación interlingüística é a cerna de varios artigos, como no caso de *La oralidad del discurso escrito: la traducción de unidades fraseológicas en Während meine Schöne schläft* de **Gloria Corpas Pastor** e **Jorge J. Leiva Rojo**, en que se explican diferentes estratexias adoptadas polos tradutores fronte a problemas de orde fraseolóxica, ilustrando a explicación con exemplos tirados dunha tradución do italiano ao alemán. En *Europa bajo un mismo techo. La fraseología de los textos europeos* **G. Greciano** estuda un texto trilingüe da Unión Europea poñendo especial atención nas estratexias de creación de metáforas conceptuais en francés e alemán, mentres que en *Convergencias idiomáticas en alemán y español desde una perspectiva cognitivista* **Carmen Mellado Blanco** realiza unha análise exhaustiva dende os postulados da Semántica Cognitiva das similitudes e diverxencias de diferentes estruturas

⁵ Publicado por primeira vez no núm. 6 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

fraseolóxicas do alemán e do español. O artigo de **D. Dobrovolskii** *Acerca de la equivalencia translingüística de los fraseologismos* afonda no tema da análise contrastiva dos fraseoloxismos, e nel exemplifícase o uso dos parámetros de comparación fraseolóxica que o autor propón entre unidades fraseolóxicas do alemán e do ruso. Outras achegas coma *Metáfora y fraseología en portugués: cuando la lengua se pretende intraducible* de **Maria-João Marçalo** ou *Colocaciones en árabe y español* de **Nader Al Jallad** e **Isabel Alijo Martínez**, insírense tamén no grupo dos estudos contrastivos: o primeiro dá noticia dun documento portugués do século XVII repleto *ex profeso* de unidades fraseolóxicas intraducibles, e o segundo é unha lista de colocacións da lingua árabe co seu respectivo equivalente en español.

Da autoría de **Isabel Alijo Martínez** e **Nader Al Jallad** é tamén *Colocaciones comparativas árabes*, no que son as comparacións da lingua árabe o obxecto de estudo, e que se relaciona tematicamente con outros tres artigos da escolma, nos que se estudan as comparacións en diferentes linguas. Parece ser este un dos campos nos que a *creatividade* da que fala o título do libro se manifesta nas linguas con máis forza, e deste xeito, temos constancia da pervivencia de orixinais creacións en: *Las comparaciones proverbiales en inglés. Una aproximación tipológica y traductológica* de **Lucía Luque Nadal**, *Las colocaciones de cuantificación por comparación: tradición e innovación en las comparaciones proverbiales* de **Juan de Dios Luque Durán**, que achega unha moi ben artellada clasificación deste tipo de unidades fraseolóxicas para o español; e *Comparación estereotipada y colocación en español y francés* de **Antonio Pamies Bertrán**, no que á reflexión teórica se unen clarificadores exemplos de contrastación francés-español. En todos e cada un dos traballos anteriores, ademais, están presentes continuamente notas explicativas sobre a motivación histórica de diferentes unidades fraseolóxicas, que resultan moi interesantes para o lector - incluso para os menos amantes da lingüística-; nesta mesma liña insírese *La fraseología, espejo de la historia de un pueblo. Notas gallegas*, de **Xesús Ferro Ruibal**, que explica a procedencia histórica de diferentes fraseoloxismos da lingua galega de uso actual. Sobre a mutabilidade e a permanencia dun tipo concreto de unidades fraseolóxicas reflexiona, pola súa parte, **Harald Burger** en *Aspectos de la vitalidad de los modismos*, para quen “*sólo se puede hablar razonada y unívocamente de vivo cuando el modismo es usual en una comunidad lingüística*”.

Liñas de investigación temática máis concreta son as das investigadoras **M^a Isabel González Rey** e **María Sánchez Puig**, que acotan un tema en particular (*La fraseología de la música: la productividad y mutabilidad de sus expresiones fijas* e *Fraseología fálica en el lenguaje marginal del ruso moderno*, respectivamente), con afán de exhaustividade, estratexia que difire da empregada por **Elena Mironesko**, que cinguiu a unha etapa cronolóxica (1994-2004) o seu estudo sobre os *Apotegmas rusos como medio de creación del titular periodístico*, ou da de **Ricard Morant** e **Debra Westall** (*Lo que el cine nos dejó: la herencia fraseológica*), para os que a sensibilidade lingüística debeu de xogar un papel primordial, dado o difusa que pode resultar a avaliación da influencia na lingua da produción cinematográfica en xeral.

En *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología* mestúranse, en resumo, traballos teóricos e investigacións concretas sobre campos da fraseoloxía

como as paremias, as colocacións, os ditos, a comparación interlingüística, etc. Un lector pouco avisado podería preguntar onde reside a tal creatividade dentro desta meada temática, pero a lectura atenta dos artigos lévanos a observar o modo en que as linguas (isto é, os seus falantes) *crean* comparacións atendendo a calidades recoñecibles no mundo natural ou a partir de singulares elucubracións, *fixan* apreciacións relacionadas con feitos históricos, *repiten* creacións anteriores almacenadas no tesouro da lingua ou fan que estas *muden* atendendo ao seu tempo e circunstancias... A ordenación temática –ou polo menos alfabética–, así como resumos introdutorios en cada un dos artigos axudarían, ao noso parecer, a darlle maior manexabilidade a unha obra que, sen deixar de ser sumamente interesante, é por momentos pexada pola súa condición de *colectánea*.

Leopoldo Cañizo Durán

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

MIEDER, Wolfgang (2004): *Proverbs: a handbook*. Greenwood Press. Westport, 304 páxinas.

Eis un manual de paremioloxía que, por máis que estea feito dende a cultura anglosaxona, abre para os galegos numerosas e interesantes perspectivas de atención e estudo desta parcela da lingua ou, se se quere, do discurso repetido.

Estamos ante un libro propedéutico que ten o rigor dun especialista con moitos anos de dedicación a esta parcela (e, polo tanto, con opinión formada sobre case tódolos aspectos da materia) pero que ten tamén a amenidade da persoa que non precisa parecer erudito, porque lle sobra erudición, e que, a pesar diso, ten suficiente capacidade de síntese para escolma-los aspectos máis atraentes e significativos da inmensa bibliografía que manexa. Dá a impresión de se-lo texto dun magnífico curso de doutoramento para investigadores en paremioloxía, escrito co obxectivo de falar de case todo, de maneira equilibrada, resumindo as investigacións máis coñecidas no mundo da paremioloxía e ó mesmo tempo chamando a atención sobre algúns estudos innovadores que xa existen ou que se deberán emprender no futuro.

O libro divídese en catro partes. A primeira sobre definición e clasificación dos refráns e nela trata de definilos e delimitalos (1-9), fala da orixe e difusión dos refráns (9-13), dedica un espazo a outras formas próximas como as frases proverbiais, as comparacións proverbiais e outras formas de elativizar (13-16) e informa de varios intentos de crear un sistema internacional de clasificación dos refráns partindo do sistema creado por Matti Kuusi e a súa filla Outi Lauhakangas (16-20) e describe os tipos de refraneiros.

A segunda parte constitúe un ameno un estudo entre diacrónico e sincrónico de seis proverbios: *O peixe grande come o pequeno* (34-43); *Na acea primeiro moe o que primeiro chega* (52); *A mazá non cae lonxe da maceira* (52-60); *O único indio bo é o indio morto* (60-69); *Un bo valado fai un bo viciño* (69-78); *Unha imaxe vale máis ca mil palabras* (79-88). A seguir ofrece unha selección persoal de refráns africanos, árabes, chineses, franceses, alemáns, indios, irlandeses, italianos, xaponeses, rusos, españois, yiddish (89-100) e céntrase nos intentos de establecer qué refráns foron creados en América (100-106). Fala da sorprendente escaseza de refráns das culturas indíxenas de Norteamérica e cita os refráns que conseguiu recoller (107-112) e remata o capítulo falando dos proverbios afroamericanos (112-114).

A terceira parte está dedicada a dar conta de catorce perspectivas diferentes de reflexión verbo dos proverbios: revistas, ensaios e bibliografía paremiolóxicos (118-121); coleccións paremiolóxicas máis importantes da historia (121-125); visións de conxunto (125-127), mínimos paremiolóxicos (127-131), onde curiosamente os máis frecuentes no mundo norteamericano parecen ser *Enough is enough*, *Time will tell* e *First come, first served*; afronta despois cuestións lingüísticas e semióticas (131-133), realizacións en contexto social (133-134), temas de cultura, folclore e historia (135), políticos, estereotipos e visión do mundo (137-139), sociolóxicos, psicolóxicos e psiquiátricos (139-142); o uso na literatura popular (142-144); a relixión e a literatura culta (144-146); a pedagogía e o ensino das linguas (146-148); a presenza na iconografía con especial atención ós afamados cadros de Pieter Bruegel (148-150) e a presenza nos medios de comunicación (150-153).

A cuarta parte é unha contextualización diacrónica de frases proverbiais como *Un home elegante non usa refráns*; *Deitarse cedo e erguerse cedo*; *Detrás dunha nube brilla o sol*; *As frases feitas son unha especie de fogos de artifício*; *O home é un lobo para o home*. W. Mieder vai trazando a súa orixe, o uso por parte de Lord Chesterfield (162-171), Benjamin Franklin (171-180), A. Lincoln (180-189), Ch. Dickens (189-198), W. Churchill (198-207), Bertolt Brecht (207-215) e de novo B. Franklin (216-224). Nestes apartados e nos que seguen ponse á vista a pervivencia, a reutilización e desconstrución e a recreación destas unidades fraseolóxicas na música popular, nas caricaturas e na publicidade.

Unha das características deste libro é que, en cada caso, ofrece a referencia exacta que leva á fonte limpa onde extraer máis información e, para máis, pecha cada capítulo cunha bibliografía selecta verbo dos temas tratados. Aínda así, o libro remata con valiosos índices. Primeiro de bibliografía (de catálogos de bibliografía especializada, de revistas paremiolóxicas, dos máis salientables estudos paremiolóxicos, das coleccións de refráns multilingües, bilingües e angloamericanas, das coleccións doutras culturas e temáticas). Informa dalgunhas páxinas web específicas (www.deproverbio.com; www.manythings/proverbs.org; www.creativeproverbs.com; www.afriprov.org). Segue un glosario terminolóxico; un índice de autores citados, temas tratados e mesmo de temas dos que se citaron refráns.

A aparencia simple, a amenidade e maila claridade deste texto é, como dixeran, feitaura inconfundible dun experto que domina a materia. Por algo detrás deste libro está quen

dende 1977 traballa na bibliografía paremiolóxica internacional anotada, con lóxica atención ó mundo anglófono (pero tamén ó europeo en xeral e ó africano) e con específica atención á presenza do refrán no uso literario, na iconografía e nas ciencias sociais. Dende 1980 dirixe un anuario fraseolóxico (*Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship*) na University of Vermont onde ten un arquivo con 10.000 traballos científicos verbo desta materia, 4.000 coleccións de refráns de todo o mundo e unhas 9.000 diapositivas de todo tipo de representacións gráficas de refráns, dende as misericordias dos coros monásticos ou catedralicios ás actuais utilizacións na publicidade ou na caricatura.

A amenidade e sinxeleza, en medio de tanta información, é feito infrecuente, porque conciliar semellante capacidade de análise con semellante capacidade de síntese é don que a natureza non adoita axuntar na mesma persoa.

Pouco importa que este libro parta dunha taxonomía algo diferente da que se usa entre nós, porque iso para min é secundario: son varios os sistemas que aínda hoxe buscan converterse en estándares. Para min unha das revelacións deste libro é a enorme atención á vitalidade do refrán non só na literatura senón tamén na política, no xornalismo, na publicidade, no humor gráfico, porque iso contrasta coa visión acomplexada e dominante entre nós, os galegos de hoxe, que vincula o refrán co mundo rural, co pasado, co obsoleto e que, en consecuencia, foxe do seu estudo e, en boa parte, do seu uso, quitándolle así á lingua galega todo o seu perfil escultural e boa parte da súa expresividade. Ós fraseólogos galegos tócano-la tarefa de desmontarmos ese prexuízo que tanto empobrece a lingua de xornalistas e escritores. Eu mesmo teño a sensación de non estar atento abondo á creación paremiolóxica galega, cando vexo que no libro de Mieder se rexistran unidades coma *Unha imaxe val máis ca mil palabras* que todos sabemos que está en uso en Galicia pero que non rexistra ningún refraneiro galego do que eu teña noticia. Un libro coma este habería que escribilo en galego e convertelo en libro de texto, ou mellor, en parte do programa de tódolos niveis do ensino da lingua de Galicia.

Galicia chega con moito retraso a estes estudos por mor duns séculos escuros que duraron máis do que se di e unha das consecuencias é que neste libro non hai, que eu vise, ningunha mención á nosa fraseoloxía (como tampouco á catalá nin á orixinal fraseoloxía vasca). Pero todo se andará, porque me consta que o prof. Wolfgang Mieder empeza a estar atento tamén á nosa cultura cun afecto que agradezo.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades